

A construción de *Espacios Terapéuticos* foi o eixo do meu traballo nos últimos anos. Os *Dormitorios Terapéuticos* son o resultado dunha insistencia na cama, a articulación do dormitorio tendo en conta a combinación dos elementos porta-ventá-cama-cor. Cos *Productos Terapéuticos Personalizados* transformo o espacio en produto que podo modelar ao meu antollo. Gusto de persoalizar estes habitáculos tendo en conta ao seu usuario, as súas necesidades e os seus desexos.

O meu traballo debe ser visto como un interese e unha necesidade de localizar esencia e instintos no ser humano. Manexo elementos como o amor, a fantasía, o pracer, a dor, a beleza, o sexo, a loucura. Deseño maquinas que me sirvan para localizar estes elementos: *Centrífuga para Amor*, *Centrífuga para Fantasías*, *Amor nas Nubes*. Localizados estes elementos están listos para ser trasplantados: teño xa *Trasplantes de Amor*, *Trasplantes de Fantasía*, *Trasplantes de Beleza*, *Trasplantes de Beleza con Extra de Sexo*, *Trasplantes de Beleza Modelo Carne*.

A acción de Trasplantar que acabo de iniciar lévame a unha investigación moi persoal, de momento todo o que trasplantei parte de min.

Monica Alonso

Xullo de 2005

Trasplantes baseados na localización de esencias e instintos

A construción de *Espazos Terapéuticos* foi o eixo do meu traballo nos últimos anos. Os *Dormitorios Terapéuticos* son o resultado dunha insistencia na cama, a articulación do dormitorio tendo en conta a combinación dos elementos porta-ventá-cama-cor. Cos *Productos Terapéuticos Personalizados* transformo o espazo en produto, que podo modelar ao meu antollo. Gusto de persoalizar estes habitáculos tendo en conta ao seu usuario, as súas necesidades e os seus desexos.

O meu traballo debe ser visto como un interese e unha necesidade de localizar esencias e instintos no ser humano. Manexo elementos como o amor, a fantasía, o pracer, a dor, a beleza, o sexo, a loucura. Deseño máquinas que me sirvan para localizar estes elementos: *Centrífuga para Amor*, *Centrífuga para Fantasías*, *Amor nas Nubes*. Localizados estes elementos están listos para ser trasplantados: teño xa *Trasplantes de Amor*, *de Fantasía*, *Trasplantes de Beleza*, *Beleza con Extra de Verde*, *Azul*, *Trasplantes de Beleza Modelo Carne*. Unha *Gama da Cor Carne*, na que localizo *Cor de Carne Natural*, *Carne Viva*, *Carne Triste*, *Carne Verde*.

A acción de Trasplantar iniciada lévame a unha investigación moi persoal, de momento todo o que trasplantei parte de min.

O elemento a trasplantar no que estou agora traballando é o Suicidio. ***Trasplantes de Suicidio*** que recollen a ambivalencia que presenta un desexo de morer e vivir á vez.

Mónica Alonso

Outubro de 2006

Trasplantes basados en la localización de esencias e instintos

La construcción de *Espacios Terapéuticos* ha sido el eje conductor de mi trabajo en los últimos años. Los *Dormitorios Terapéuticos* son el resultado de una insistencia en la cama, la articulación del dormitorio teniendo en cuenta la combinación de los elementos puerta-ventana-cama-color. Con los *Productos Terapéuticos Personalizados* transformo el espacio en producto, que puedo modelar a mi antojo. Me gusta personalizar estos habitáculos teniendo en cuenta a su usuario, sus necesidades y sus deseos.

Mi trabajo debe ser visto como un interés y una necesidad de localizar esencias e instintos en el ser humano. Manejo elementos como el amor, la fantasía, el placer, el dolor, la belleza, el sexo, la locura. Diseño maquinas que me sirvan para localizar estos elementos: *Centrífuga para Amor*, *Centrífuga para Fantasías*, *Amor en las Nubes*. Localizados estos elementos están listos para ser trasplantados: tengo ya *Trasplantes de Amor*, *de Fantasía*, *Trasplantes de Belleza*, *Belleza con Extra de Verde*, *Azul*, *Trasplantes de Belleza Modelo Carne*. Una *Gama da Color Carne*, en la que localizo *Color de Carne Natural*, *Carne Viva*, *Carne Triste*, *Carne Verde*.

La acción de Trasplantar iniciada me lleva a una investigación muy personal, de momento todo lo que he trasplantado parte de mi.

El elemento a trasplantar en el que estoy trabajando ahora es el Suicidio. ***Trasplantes de Suicidio*** que recogen la ambivalencia que presenta un deseo de morir y vivir a la vez.

Mónica Alonso

Octubre de 2006

A nena enferma é un berce-cadaleito. Representa as persoas que nacen marcadas pola enfermidade mental e os acompaña toda a súa vida. A idea da infancia plena de felicidade e inocencia pode ser terrible si esta está marcada polo medo, a angustia e os pesadelos.